


El curioso incidente del perro a medianoche
Mark Haddon

A aparición do can morto da vecina do lado, xerará unha serie de cambios moi importantes na vida de Christopher, un neno autista. As pesquisas para descubrir ao asasino conduciran a outros descubrimentos máis importantes sobre a súa familia.

The host
Stephany Meller

O novo libro da autora dos exitosos Crepúsculo, Luna nueva... Nesta ocasión, contanos un intrigante relato sobre devoradores de almas nun ambiente futurista.



A Praia dos afogados
Domingo Villar

Novo caso para o inspector Leo Caldas e o axente Rafael Estévez que xa coñecemos en *Ollos de auga*. Nesta ocasión, a investigación céntrase na cercana vila de Panxón.



O Equipo da Biblioteca deséxavos un feliz verán, cheo de refrescantes lecturas.

www.bibliotecapinomanso.blogspot.com




Guía de lecturas para o verán

2º ciclo da ESO

IES PINO MANSO


BIBLIOTECA ESCOLAR





Aire negro
Agustín Fernández Paz

Tres anos despois de ocorridos os feitos, un ex psiquiatra cóntanos a experiencia estarrecedora da súa primeira paciente, Laura Novo. Coñeceremos a historia da Gran Besta, un ser monstruoso que habita nunha cova e que se vingará pola intromisión no seu territorio. El tronará a nova vida que Laura Novo ía iniciar nun espazo idílico.



Coraline


Neil Gaiman e Craig P. Russell




Cando Coraline atravesará a última das catorce portas da casa á que acaba de mudarse, atópase cunha realidade paralela á súa. Ao principio, todo parece maravilloso, pero non tardará en decatarse de certos inconvenientes.

Cartas de amor
Fran Alonso

Unha selección de relatos nas que mulleres en diferentes situacións vitais contan a súa historia: unha emigrante recién chegada a Galicia, unha cooperante internacional secuestrada en Bagdad, unha rapaza que confesa a súa homosexualidade a súa mellor amiga...




La ladrona de libros.
Markus Zusak




Describe as peripecias dunha nena alemá de nove anos desde que é dada en adopción pola súa nai ata o fin da guerra. A súa nova familia, nada afecta ao nazismo, ensínalle a ler e a través dos libros Rudy logra distraerse durante os bombardeos e combater a tristeza. Pero é o libro que ela mesma está escribindo o que finalmente lle salvará a vida.

El libro de los monstruos españoles
Ana Cristina Herreros


Unha selección dos máis antigos contos populares e os monstruos máis aterrificos das distintas comunidades autónomas. Para descubrir a través de bonitas ilustracións como son os cíclopes, ogros, culebros, enanos, xigantes, lobishomes, lamias, ninfas, sereas, grifos ou nuberus, entre outros.



De profundis
Miguelanxo Prado



Álbum ilustrado nas que se nos relata unha historia de amor. Protagonizada por un pintor que naufraga e que ve os seus cadros levados á realidade no fondo do mar; mentres, na terra, a súa muller espera para que se faga realidade o milagre do seu regreso, intentando atraelo mediante a música.




Leonardo Da Vinci
Susanne Rebscher

Un libro para coñecer a vida e o legado de Leonardo da Vinci, un dos grandes xenios da historia da humanidade.

Bergil, el caballero perdido de Berlindon.
Guixé J. Carreras

Bergil combatirá a campo aberto, por primeira vez na súa vida. Con dezaoito anos, está disposto a dalo todo polo seu rei. Na primeira batalla, un guerreiro chamado Berk salvaralle a vida; xuntos loitarán nunha emboscada preparada polo inimigo. Como recompensa, o rei ofreceralle pertencer á orde dos cabaleiros de Ivië. O rapaz pedirá a Berk ser o seu axudante, pero... Que escuro segredo esconde Berk?



Os cinco narradores de Bagdad
Fabien Velhmann



As aventuras dun grupo de narradores para atopar a historia perfecta que lles libre da morte nun concurso de relatos convocado polo califa de Bagdad. Traducido ao galego na Factoría K.